

CONSUMÓPOLIS 9

Consumir entre pantallas

MEMORIA DE PARTICIPACIÓN DO EQUIPO **“PREDATOR”**

“Non deixes que te atrape o lado escuro de Internet”.

-Yolanda García Pena
-Sara Berdeal López
-Lucas Gómez Pereira
-Marcos García Rolle
-Rodolfo Fernández Hermida

C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA RITA – GALDO VIVEIRO-LUGO

INDICE

1.-ORGANIZACIÓN DO EQUIPO PARA A RESOLUCIÓN DAS PROBAS DO XOGO CONSUMÓPOLIS 9

1.1.-Consulta de materiais e organización nas probas en equipo.

2.-ORGANIZACIÓN DO EQUIPO PARA A ELABORACIÓN DA FRASE E DO CARTEL.

2.1.- Fontes consultadas e materiais utilizados.

1.-ORGANIZACIÓN DO EQUIPO PARA A RESOLUCIÓN DAS PROBAS DO XOGO CONSUMÓPOLIS 9

Participamos en Consumópolis 9. A comenzo de curso o profesor de Cidadanía explicounos que estaba de novo convocado o concurso de Consumópolis, no que xa participamos o ano pasado, e que, igual que o ano anterior, ía ter dúas partes e podíamos participar alumnos de quinto e sexto de primaria en equipos de cinco compoñentes. Tampouco cambiaba a maneira de acceder ao concurso, cada un dos compoñentes debeu escoller un “nik” e un contrasinal que sería preciso para entrar no xogo, e debería



coordinarnos un profesor que nos ía inscribir.

Cada bloque de preguntas que se contestara correctamente daría paso a un xogo no

que tamén se podían acadar puntos e para pasar ao seguinte bloque de preguntas era preciso que todos os compoñentes do grupo tivesen rematado dito bloque.

C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA RITA – GALDO VIVEIRO-LUGO

1.1.-Consulta de materiais e organización nas probas en equipo.

Na clase, os días que había Cidadanía, era cando xogabamos en Consumópolis 9. Os primeiros días, o profesor explicounos de qué se trataba, despois comezamos a ler as Fichas Pedagógicas, tamén as líamos na casa. Para o seguinte día xa empezamos a facer o percorrido polas probas. A verdade é que ao primeiro resultou fácil, pero a medida que íamos avanzando foise complicando a cousa.

Cando chegaron as probas en equipo colliamos só un ordenador e resolvíamolas aínda que nos costou un pouco, pero entre todos conseguímolos e quedamos bastante contentos co noso resultado.



2.-ORGANIZACIÓN DO EQUIPO PARA A ELABORACIÓN DA FRASE E DO CARTEL.

Cando rematamos esta parte era casi Nadal e, de volta de vacacións, comezamos a segunda parte: a elaboración dun cartel con un lema.

C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA RITA – GALDO VIVEIRO-LUGO

Púxemonos a pensar todos en como facer un cartel divertido e, entre todas as ideas, mesturámolas e saímos a pantalla dun ordenador. Decidimos que a frase sería : “*Non deixes que te atrape o lado escuro de internet*” e repartímonos o traballo para buscar



información e facernos co material que precisabamos.

Decidimos que iamos facer un boceto dunha pantalla dun ordenador e nela mesturar a frase que escolleramos con emoticons e debuxos de

Internet. Tamén pensamos nas cores, como se trataba de simular a pantalla dun ordenador, escollimos unha cartulina DIN A 3 en negro e enriba dela pegamos a superficie da pantalla en branco. Para simular

a pantalla tentamos poñer un menú do que aparece nos buscadores de internet e os debuxos que aparecen na parte superior (conexión wi-fi, batería ,encendido...).




2.1.- Fontes consultadas e materiais utilizados.

Para poñer a frase fomos escribindo cada palabra nun cachiño de cartulina con rotuladores e pegándoas sobre o fondo branco no que

C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA RITA – GALDO VIVEIRO-LUGO

íamos debuxando. Tamén fixemos en cartulina un punteiro do rato de ordenador, para marcar onde nos atopamos. Tivemos que quedarnos algúns recreos para poder rematalo con éxito.

Pasamolo moi ben e aprendimos moito, sobre todo tivemos que poñernos de acordo en moitas cousas, o que nos axudou a mellorar no traballo en equipo. As veces tiñamos diferentes maneiras de resolver os problemas e había que poñerse de acordo.



Este foi o resultado.